

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Organismo SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES e a Gain

Capítulo	
Epígrafe	(Para inserir no <i>Diario Oficial de Galicia</i>)

SUMARIO:

ORDE do 12 de xuño de 2020, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se redistribúen as anualidades e modifícanse os prazos de xustificación en diversas convocatorias de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i como consecuencia da situación creada pola evolución da pandemia do COVID-19 (códigos de procedemento ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D)

TEXTO

A evolución da pandemia do coronavirus COVID-19, declarada pola Organización Mundial da Saúde (OMS), obrigou ao peche das universidades galegas e demais entidades que conforman o Sistema I+D+i galego. Nese contexto, que se reproduce en boa parte do mundo, dificulta que algúns dos grupos de investigación do sistema de I+D+i da Comunidade Autónoma de Galicia poidan desenvolver a súa actividade con eficacia e racionalidade de medios.

Esta situación é particularmente grave no caso dos grupos que optan a axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i (DOG número 32, do 17 de febreiro de 2020). Esta convocatoria, cuxo prazo de presentación de solicitudes estaba a punto de rematar no momento da declaración do estado de

alarma, dada a suspensión de prazos e procedementos resolverase con atraso sobre o inicialmente establecido. Ante esta situación parece lóxico redistribuír as anualidades da axuda para que as entidades beneficiarias podan facer un gasto máis axustado e racional.

Complementariamente, e para conseguir unha maior eficacia das axudas, axústanse os prazos de xustificación para a anualidade do 2020 tanto da Orde do 31 de decembro de 2019 (DOG número 21, do 30 de xaneiro de 2019) antes mencionada, como da Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, (DOG número 21, do 30 de xaneiro de 2019) .

Atendendo a estas consideracións xerais e en virtude das súas competencias, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria, no uso das atribucións que temos conferidas

ACORDAMOS:

Artigo 1. *Obxecto*

Como consecuencia da situación extraordinaria provocada pola Pandemia coronavirus COVID 19, o obxecto desta orde é:

1.- Redistribuír as anualidades das axudas convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i (DOG número 32, do 17 de febreiro de 2020), para que as entidades beneficiarias poidan acometer un gasto máis axustado e racional

2.- Modificar o prazo de xustificación na anualidade do 2020, para permitir unha mellor consecución dos obxectivos previstos nas axudas, nas seguintes ordes de convocatoria

- Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen

as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020 (DOG número 32, do 17 de febreiro de 2020)

- Orde do 31 de decembro de 2018, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2019 (DOG número 21, do 30 de xaneiro de 2019).

Artigo 2. *Ámbito e réxime de aplicación.*

1. A redistribución das anualidades das axudas sinaladas no artigo 1.1. desta Orde rexeráse polos seguintes parámetros:

A redistribución afecta unicamente a modalidade A (grupos de referencia competitiva) e a modalidade B (grupos con potencial de crecemento), non sendo de aplicación na modalidade C (proxectos de excelencia).

- Modalidade A (grupos de referencia competitiva):

Un 30% do crédito correspondente a anualidade 2020 redistribuirase equitativamente nas anualidades de 2021, 2022 e 2023.

Estas axudas terán unha duración máxima de catro anos. O importe total de cada unha das axudas virá determinado por unha contía estrutural máis outra variable asociada á evolución na xeración de recursos por parte do grupo como un indicador xenérico da súa competencia e capacidade de consolidación, e distribuirase por anualidades de acordo cos seguintes módulos:

1. Módulo estrutural anual: composto dun fixo de 25.000 € máis un variable máximo na anualidade de 2020 de 10.000 € e nas anualidades 2021, 2022 e 2023 de 30.000 €, tendo en conta os ingresos medios do grupo, co obxectivo de axustar o orzamento ás posibilidades reais de execución anuais en función do número de solicitudes avaliadas positivamente e dos recursos dispoñibles.

2. Módulo variable anual, acumulable ao anterior, en función dos ingresos anuais medios do grupo no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2019, segundo os seguintes tramos:

Para a anualidade 2020:

- Ingresos medios de 150.000 a 300.000 €: ata 14.000 € anuais.
- Ingresos medios de 300.001 a 400.000 €: ata 21.000 € anuais.
- Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 35.000 € anuais.

Para as anualidades 2021, 2022 e 2023:

- Ingresos medios de 150.000 a 300.000 €: ata 22.000 € anuais.
 - Ingresos medios de 300.001 a 400.000 €: ata 33.000 € anuais.
 - Ingresos medios superiores a 400.000 €: ata 55.000 € anuais.
- Modalidade B (grupos con potencial de crecemento):

Un 30% do crédito correspondente a anualidade 2020 redistribuirase equitativamente nas anualidades de 2021 e 2022.

As axudas serán de aplicación por un período de 3 anualidades, mediante o pagamento dunha contía máxima de 14.000 € na primeira e de 38.000 € na segunda e terceira.

2. A modificación do prazo de xustificación aplicarase unicamente na anualidade do 2020 e respecto das axudas sinaladas no artigo 1.2 desta Orde. Para este fin, na anualidade de 2020 e para as universidades do SUG, establécese como data límite para remitir a documentación xustificativa para o libramento dos fondos o 30 de novembro do 2020.

A redistribución dos créditos das axudas da Orde do 31 de decembro de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema

galego de I+D+i (DOG número 32, do 17 de febreiro de 2020), imputaranse ás aplicacións orzamentarias 10.40.561B.744.0, 09.A3.561A.781.0 e 09.A3.561A.703.0, correspondentes aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020 nas que existe crédito adecuado e suficiente, coa seguinte distribución por anualidades:

Modalidade	Entidade beneficiaria	Aplicación orzamentaria	Crédito (en euros)					Total
			2020	2021	2022	2023	2024	
Mod. A) GRC	Universidades do SUG	10.40.561B.744.0	1.225.000,00	1.925.000,00	1.925.000,00	1.925.000,00		7.000.000,00
Mod. A) GRC	Outras entidades	09.A3.561A.781.0	70.000,00	110.000,00	110.000,00	110.000,00		400.000,00
		09.A3.561A.703.0	126.000,00	198.000,00	198.000,00	198.000,00		720.000,00
		Total	196.000,00	308.000,00	308.000,00	308.000,00		1.120.000,00
Mod. B) GPC	Universidades do SUG	10.40.561B.744.0	700.000,00	1.900.000,00	1.900.000,00			4.500.000,00
Mod. B) GPC	Outras entidades	09.A3.561A.781.0	42.000,00	114.000,00	114.000,00			270.000,00
		09.A3.561A.703.0	56.000,00	152.000,00	152.000,00			360.000,00
		Total	98.000,00	266.000,00	266.000,00			630.000,00
Mod. C) Proxectos de Excelencia	Universidades do SUG	10.40.561B.744.0	260.000,00	275.000,00	275.000,00	275.000,00	125.000,00	1.210.000,00
Mod. C) Proxectos de Excelencia	Outras entidades	09.A3.561A.781.0	60.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00	100.000,00	460.000,00
Total universidades do SUG			2.185.000,00	4.100.000,00	4.100.000,00	2.200.000,00	125.000,00	12.710.000,00
Total outras entidades		09.A3.561A.781.0	172.000,00	324.000,00	324.000,00	210.000,00	100.000,00	1.130.000,00
		09.A3.561A.703.0	182.000,00	350.000,00	350.000,00	198.000,00	0,00	1.080.000,00
		Total	354.000,00	674.000,00	674.000,00	408.000,00	100.000,00	2.210.000,00
Total convocatoria			2.539.000,00	4.774.000,00	4.774.000,00	2.608.000,00	225.000,00	14.920.000,00

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional só financiará as axudas que correspondan ás universidades do SUG, as cales se imputarán ao Plan galego de financiamento universitario para o período 2016-2020, as anualidades de 2021, 2022, 2023 e 2024 integraranse no novo plan de financiamento .

Disposición derradeira primeira. Recursos

Esta orde poderá ser recorrida mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou a persoa titular da presidencia da Gain no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

A conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional

O conselleiro de Economía, Emprego e
Industria e presidente da Axencia Galega
de Innovación

Carmen Pomar Tojo

Francisco Conde López

INSÍRASE NO DOG

A secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Cuiña Barja